

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL E FUNCIÓN PÚBLICA

4765 *Real decreto 499/2020, do 28 de abril, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Traballo e Economía Social, e se modifica o Real decreto 1052/2015, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura das consellerías de Emprego e Seguridade Social no exterior e se regula a súa organización, funcións e provisión de postos de traballo.*

O Real decreto 2/2020, do 12 de xaneiro, polo que se reestructuran os departamentos ministeriais, integra, no seu artigo 1, o Ministerio de Traballo e Economía Social na estrutura departamental da Administración xeral do Estado, para posteriormente atribuírle, no seu artigo 9, a proposta e execución da política do Goberno en materia de emprego, economía social e responsabilidade social das empresas. Así mesmo, o dito real decreto dispón a creación da Secretaría de Estado de Emprego e Economía Social como órgano superior dependente do departamento.

Con posterioridade, mediante o Real decreto 10/2020, do 14 de xaneiro, creouse a Subsecretaría de Traballo e Economía Social. Finalmente, o Real decreto 139/2020, do 28 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica básica dos departamentos ministeriais, fixou a estrutura orgánica básica do Ministerio de Traballo e Economía Social e determinou os seus órganos superiores e directivos até o nivel de dirección xeral. A súa disposición derradeira segunda determina a necesidade de completar a organización de cada ministerio, adaptándoa á súa nova estrutura básica, mediante a promulgación dun real decreto de desenvolvemento.

Este real decreto dá cumprimento á previsión anterior, desenvolve a estrutura do Ministerio de Traballo e Economía Social até o nivel de subdirección xeral ou equivalente e define as competencias de cada un dos órganos deste departamento, en liña coas importantes competencias que, en materia de emprego, economía social e responsabilidade social das empresas, ten atribuídas este ministerio.

Así mesmo, a estrutura proposta busca proporcionar un maior protagonismo á economía social, co fin de constituílo en eixe vertebrador e transversal do noso mercado laboral, no que tamén a responsabilidade social das empresas terá un papel preponderante.

Este real decreto axústase aos principios de boa regulación recollidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así, o Real decreto atende á necesidade de adecuar a estrutura orgánica do Ministerio de Traballo e Economía Social á nova estrutura orgánica básica disposta polo Real decreto 139/2020, do 28 de xaneiro, e é eficaz e proporcionado no cumprimento deste propósito, sen afectar en forma ningunha os dereitos e deberes da cidadanía. Así mesmo, contribúe a dotar de maior seguridade xurídica a organización e funcionamento do ministerio sinalado. Cumpre co principio de transparencia e é tamén adecuado ao principio de eficiencia, xa que, entre outras cuestións, non impón cargas administrativas aos cidadáns.

Na súa virtude, por iniciativa da ministra de Traballo e Economía Social, por proposta da ministra de Política Territorial e Función Pública, e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de abril de 2020,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Organización xeral do departamento.*

1. O Ministerio de Traballo e Economía Social é o departamento encargado da proposta e execución da política do Goberno en materia de emprego, de relacións laborais, de economía social e de responsabilidade social das empresas.

2. As competencias atribuídas neste real decreto entenderanse en coordinación e sen prexuízo daquelas que corresponden a outros departamentos ministeriais.

3. O Ministerio de Traballo e Economía Social, baixo a superior dirección do titular do departamento, desenvolve as funcións que legalmente lle corresponden a través dos órganos superiores e directivos seguintes:

- a) A Secretaría de Estado de Emprego e Economía Social
- b) A Subsecretaría de Traballo e Economía Social.

4. Como órgano de asistencia inmediata ao titular do departamento existe un gabinete, con rango de dirección xeral, coa estrutura que se establece no artigo 23.2 do Real decreto 139/2020, do 28 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica básica dos departamentos ministeriais.

5. Conforme o disposto na Lei 21/1991, do 17 de xuño, o Consello Económico e Social queda adscrito ao Ministerio de Traballo e Economía Social.

Artigo 2. *Secretaría de Estado de Emprego e Economía Social.*

1. Á Secretaría de Estado de Emprego e Economía Social, baixo a superior autoridade do titular do departamento, correspóndelle desenvolver a política do Goberno en materia de emprego, de relacións laborais, de traballo autónomo, de economía social e de responsabilidade social das empresas.

2. Da Secretaría de Estado de Emprego e Economía Social dependen os seguintes órganos directivos con rango de dirección xeral:

- a) A Dirección Xeral de Traballo.
- b) A Dirección Xeral do Traballo Autónomo, da Economía Social e da Responsabilidade Social das Empresas.

3. Da Secretaría de Estado de Emprego e Economía Social dependen, con nivel orgánico de subdirección xeral:

a) Un gabinete como órgano de apoio e asistencia inmediata ao titular da Secretaría de Estado de Emprego e Economía Social, coa estrutura que establece o artigo 23.3 do Real decreto 139/2020, do 28 de xaneiro.

b) A Unidade Administradora do Fondo Social Europeo, á cal corresponden as seguintes funcións:

1ª) O exercicio das funcións atribuídas ao Estado membro pola normativa do Parlamento Europeo e do Consello relativa ao Fondo Social Europeo (FSE), á Iniciativa de Emprego Xuvenil (IEX), ao Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (FEAG), ao Fondo de Axuda Europea ás Persoas máis Desfavorecidas (FEAD) e demais normativa comunitaria aplicable a tales materias, con excepción das funcións relativas á programación e á avaliación.

2ª) A proposta das normas de ámbito estatal en materia de subvencionabilidade dos gastos financiados polo Fondo Social Europeo e por outros fondos que se lle asignen, así como doutras normas relacionadas coa xestión e control das axudas dos ditos fondos.

3ª) A xestión, seguimento e certificación das actividades que se financien con cargo aos recursos do Fondo Social Europeo (FSE), da Iniciativa de Emprego Xuvenil (IEX), do Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (FEAG), do Fondo de Axuda Europea ás Persoas máis Desfavorecidas (FEAD) e doutros fondos que lle sexan encomendados, así como calquera outra función que, segundo a normativa da Unión Europea, corresponda á autoridade de xestión e á autoridade de certificación, ou autoridades asimilables.

4ª) A realización das verificacións e a proposta das medidas correctoras para asegurar o funcionamento correcto dos sistemas de xestión e control dos programas operativos do Fondo Social Europeo (FSE), da Iniciativa de Emprego Xuvenil (IEX), do

Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (FEAG), do Fondo de Axuda Europea ás Persoas máis Desfavorecidas (FEAD) e doutros fondos que se lle asignen.

5ª) A recepción dos ingresos efectuados pola Comisión Europea, tanto en concepto de reembolso como de prefinanciamento, en relación coas intervencións financiadas polo Fondo Social Europeo (FSE), pola Iniciativa de Emprego Xuvenil (IEX), polo Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (FEAG), polo Fondo de Axuda Europea ás Persoas máis Desfavorecidas (FEAD) e por outros fondos que se lle asignen, así como a proposta da realización dos pagamentos a favor dos organismos intermedios ou, se for o caso, dos beneficiarios das axudas.

6ª) A relación coa Comisión Europea e outras institucións para os asuntos correspondentes á regulación do Fondo Social Europeo (FSE), a Iniciativa de Emprego Xuvenil (IEX), o Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (FEAG), o Fondo de Axuda Europea ás Persoas máis Desfavorecidas (FEAD) e outros fondos que se lle asignen.

7ª) A participación en comités, foros e grupos de traballo, así como a interlocución permanente coas autoridades comunitarias e nacionais e cos axentes sociais, en todos aqueles asuntos relativos aos fondos encomendados, e o impulso das redes temáticas relacionadas co Fondo Social Europeo (FSE), a Iniciativa de Emprego Xuvenil (IEX), o Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (FEAG), o Fondo de Axuda Europea ás Persoas máis Desfavorecidas (FEAD) e outros fondos que se lle asignen, con excepción dos asuntos correspondentes a programación e avaliación.

c) A Subdirección Xeral de Programación e Avaliación do Fondo Social Europeo, á cal corresponden as seguintes funcións:

1ª) A programación e planificación das diversas formas de intervención da Unión Europea en coordinación coas demais unidades da Administración xeral do Estado, das administracións autonómicas e, se for o caso, das corporacións locais que realicen actuacións en materia de desenvolvemento de capital humano, así como cos axentes sociais e demais institucións interesadas, garantindo a aplicación dos principios de complementariedade, cooperación, subsidiariedade e cumprimento da normativa nacional e comunitaria aplicable.

2ª) As que, conforme as normas aplicables da Unión Europea, correspondan ao Estado membro en relación coa programación e avaliación en España do Fondo Social Europeo (FSE), da Iniciativa de Emprego Xuvenil (IEX), do Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (FEAG), do Fondo de Axuda Europea ás Persoas máis Desfavorecidas (FEAD) e doutros fondos que se lle asignen.

3ª) A elaboración e presentación das propostas de modificación dos programas operativos do Fondo Social Europeo (FSE), da Iniciativa de Emprego Xuvenil (IEX), do Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (FEAG), do Fondo de Axuda Europea ás Persoas máis Desfavorecidas (FEAD) e doutros fondos que lle sexan encomendados.

4ª) A realización das actividades de avaliación do Fondo Social Europeo (FSE), da Iniciativa de Emprego Xuvenil (IEX), do Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (FEAG), do Fondo de Axuda Europea ás Persoas máis Desfavorecidas (FEAD) e doutros fondos que se lle asignen, en coordinación coas administracións territoriais.

5ª) A relación coa Comisión Europea e outras institucións para os asuntos correspondentes á programación e avaliación do Fondo Social Europeo (FSE), da Iniciativa de Emprego Xuvenil (IEX), do Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (FEAG), do Fondo de Axuda Europea ás Persoas máis Desfavorecidas (FEAD) e doutros fondos que se lle asignen.

6ª) A representación nos comités, grupos de traballo ou redes sectoriais para as cuestións relativas á programación e á avaliación do Fondo Social Europeo (FSE), da Iniciativa de Emprego Xuvenil (IEX), do Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (FEAG), do Fondo de Axuda Europea ás Persoas máis Desfavorecidas (FEAD) e doutros fondos que se lle asignen.

7ª) A realización de análises, estudos, informes e propostas lexislativas no ámbito da programación e avaliación do Fondo Social Europeo (FSE), da Iniciativa de Emprego

Xuvenil (IEX), do Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (FEAG), do Fondo de Axuda Europea ás Persoas máis Desfavorecidas (FEAD) e doutros fondos que se lle asignen.

d) A Subdirección Xeral de Estatística e Análise Sociolaboral, á cal corresponden as seguintes funcións:

1ª) A formulación do Plan estatístico nacional e dos programas anuais que o desenvolven no ámbito do departamento e a elaboración das estatísticas que ten asignadas.

2ª) A coordinación, incluída a planificación, supervisión e impulso, a través da Comisión Ministerial de Estatística, da actividade estatística realizada no departamento polos distintos órganos superiores e directivos e polos seus organismos autónomos.

3ª) A difusión pública das estatísticas realizadas no departamento, que se realizará de forma consensuada cos distintos órganos superiores e directivos e organismos autónomos, dependentes ou adscritos ao departamento, no marco da Comisión Ministerial de Estatística.

4ª) A coordinación institucional en materia estatística co Instituto Nacional de Estatística, con outros departamentos ministeriais, con outras administracións públicas e con organismos internacionais e, en particular, coa Oficina Estatística da Unión Europea respecto ás estatísticas que corresponden ao departamento exixidas pola normativa da Unión Europea.

5ª) A participación, en colaboración cos órganos e unidades competentes, na implantación, actualización e revisión dos rexistros, bases de datos e sistemas de información do departamento, para o seu mellor aproveitamento estatístico e de análise.

6ª) A realización de estudos e informes, a partir da análise das operacións estatísticas e outras fontes dispoñibles, con obxecto de pór á disposición dos órganos directivos e superiores do departamento a información necesaria para a toma de decisións, en relación coas políticas en materia de emprego, relacións laborais e economía social, en colaboración cos órganos e unidades competentes.

7ª) A explotación de bases de datos de indicadores do mercado de traballo.

8ª) A análise, seguimento e avaliación, a partir de datos estatísticos, das políticas laborais e de emprego, do seu impacto no ámbito económico e social, así como a coordinación, coa Secretaría Xeral Técnica, dos aspectos económicos das memorias da análise de impacto normativo no ámbito do departamento.

9ª) O apoio na elaboración de estudos e informe que a relación cos organismos multilaterais requira e en coordinación coa Secretaría Xeral Técnica.

4. Quedan adscritos ao departamento, a través da Secretaría de Estado de Emprego e Economía Social, o organismo autónomo Organismo Estatal Inspección de Traballo e Seguridade Social, o Servizo Público de Emprego Estatal, o Fondo de Garantía Salarial e o Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo, O.A., M.P.

5. Así mesmo, quedan adscritos ao Ministerio de Traballo e Economía Social, a través da Secretaría de Estado de Emprego e Economía Social:

- a) O Consello Xeral do Sistema Nacional de Emprego.
- b) O Consello Estatal de Responsabilidade Social das Empresas.
- c) A Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo.
- d) O Consello de Fomento da Economía Social.
- e) O Consello do Traballo Autónomo.

6. Queda adscrita ao Ministerio de Traballo e Economía Social, a través da Secretaría de Estado de Emprego e Economía Social, a Fundación do Servizo Interconfederal de Mediación e Arbitraje, F.S.P. Así mesmo, quedan vinculadas ao Ministerio de Traballo e Economía Social a Fundación Estatal para a Formación no Emprego, F.S.P. e a Fundación Estatal para a Prevención de Riscos Laborais, F.S.P., e a Secretaría de Estado de Emprego e Economía Social actuará como órgano de coordinación do Ministerio.

Artigo 3. *Dirección Xeral de Traballo.*

1. Corresponden á Dirección Xeral de Traballo as funcións seguintes:

a) A ordenación e desenvolvemento das relacións laborais individuais e colectivas, as condicións de traballo, a prevención de riscos laborais, os procedementos de despedimento colectivo e de suspensión de contratos e redución de xornada, así como a elaboración e interpretación das normas de emprego, protección por desemprego e empresas de traballo temporal.

b) A elaboración e seguimento interno das propostas orzamentarias da Dirección Xeral de Traballo e a tramitación, se for o caso, das obrigacións de contido económico.

c) A expedición de certificación acreditativa da capacidade representativa das organizacións sindicais, cando o ámbito afectado supere o dunha comunidade autónoma, agregando a información sobre resultados electorais rexistrados nos correspondentes ámbitos territoriais, así como procesar as actas electorais correspondentes ás cidades de Ceuta e Melilla.

d) A formalización do depósito de estatutos das organizacións sindicais e asociacións empresariais, así como dos pactos ou acordos colectivos que non son obxecto de inscrición no Rexistro de convenios colectivos e rexistro dos regulamentos de procedemento dos comités de empresa, sempre que o seu ámbito sexa nacional ou supracomunitario.

e) A resolución sobre a concesión das axudas previas á xubilación ordinaria no sistema da Seguridade Social, así como das axudas extraordinarias a traballadores afectados por procesos de reestruturación de empresas e ás persoas traballadoras do sector da estiba portuaria.

f) A realización de estudos, análises e informes sobre plans de viabilidade e de reordenación de sectores e empresas en crise.

g) O desenvolvemento da coordinación administrativa entre todas as unidades da Dirección Xeral de Traballo, así como velar polo cumprimento da política de persoal do departamento no seu ámbito.

h) A coordinación funcional da actuación dos órganos periféricos da Administración xeral do Estado naquelas funcións que son competencia da Dirección Xeral de Traballo.

i) A preparación da Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais e a coordinación das actuacións relativas ao traspaso de funcións e servizos a aquelas.

j) A tramitación dos procedementos de despedimento colectivo e de suspensión de contratos e redución de xornada e cantos outros relacionados coa intervención administrativa nas relacións laborais sexan competencia da Dirección Xeral de Traballo.

k) O desenvolvemento das funcións de competencia do departamento en materia de conciliación, mediación e arbitraje en conflitos laborais, así como realizar a prospección, análise e seguimento dos conflitos colectivos.

l) A tramitación dos procedementos sancionadores en materia laboral, de empresas de traballo temporal, de emprego, protección por desemprego e de prevención de riscos laborais, nos supostos que sexan competencia da Dirección Xeral de Traballo, así como preparar a resolución de órganos superiores.

m) A realización das actuacións relativas ao depósito, rexistro e publicación de convenios e acordos colectivos de traballo, así como a análise e o seguimento do desenvolvemento da negociación colectiva.

n) A tramitación dos procedementos de autorización de actividades e demais actuacións administrativas en relación coas empresas de traballo temporal no ámbito da súa competencia.

ñ) A preparación e elaboración de proxectos normativos relacionados coas áreas da súa competencia.

o) A elaboración de informes e consultas relativas á interpretación e aplicación das disposicións xurídicas a que se refire o parágrafo anterior.

p) O apoio técnico-xurídico necesario para a elaboración, aprobación, transposición e aplicación de directivas e outros instrumentos xurídicos comunitarios ou internacionais nas áreas de competencia da Dirección Xeral de Traballo.

2. Da Dirección Xeral de Traballo dependen, con nivel orgánico de subdirección xeral:

a) A Subdirección Xeral de Relacións Laborais, á cal corresponde o exercicio das funcións enumeradas nos parágrafos b), c), d), e), f), g), h), i), j), k), l), m) e n) do número 1.

b) A Subdirección Xeral de Ordenación Normativa, á cal corresponde o exercicio das funcións enumeradas nos parágrafos a), ñ), o) e p) do número 1.

3. Queda adscrita á Dirección Xeral de Traballo a Comisión Consultiva Nacional de Convenios Colectivos, regulada polo Real decreto 1362/2012, do 27 de setembro.

Artigo 4. *Dirección Xeral do Traballo Autónomo, da Economía Social e da Responsabilidade Social das Empresas.*

1. Corresponden á Dirección Xeral do Traballo Autónomo, da Economía Social e da Responsabilidade Social das Empresas as funcións seguintes:

a) O deseño das políticas públicas de impulso e promoción do traballo autónomo, así como a promoción da cultura emprendedora, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros departamentos ministeriais e con independencia da súa participación en estratexias interministeriais; a coordinación con outros órganos e unidades administrativas para a consecución dos anteriores obxectivos, así como o deseño, xestión e seguimento de programas e axudas ao fomento do traballo autónomo e das súas organizacións.

b) A elaboración, promoción ou, se for o caso, informe dos proxectos normativos e de medidas específicas para traballadoras e traballadores autónomos e para persoas emprendedoras.

c) As actividades administrativas de cualificación, inscrición e certificación dos actos que deban ter acceso ao Rexistro Estatal de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos, que pasará a denominarse Rexistro Estatal de Asociacións Profesionais de Persoas Traballadoras Autónomas.

d) O deseño das políticas públicas de impulso e promoción da economía social, así como a coordinación con outros órganos e unidades administrativas para a consecución dos anteriores obxectivos.

e) A elaboración, promoción ou, se for o caso, informe dos proxectos normativos estatais no ámbito da economía social.

f) O deseño, xestión e seguimento de estratexias e programas de difusión e fomento da economía social e axudas que se concedan a cooperativas, sociedades laborais e outras entidades da economía social, como os centros especiais de emprego, así como as súas asociacións.

g) As actividades administrativas de cualificación, inscrición e certificación dos actos que deban ter acceso ao Rexistro de Sociedades Cooperativas e ao Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais.

h) O deseño das políticas públicas de promoción da responsabilidade social das empresas, en particular das pequenas e medianas, así como a realización de calquera outra actividade que se lle encomende no dito ámbito de actuación.

i) A elaboración, promoción ou, se for o caso, informe dos proxectos normativos estatais no ámbito da responsabilidade social das empresas.

j) O deseño, xestión e seguimento de programas e axudas para a difusión e fomento da responsabilidade social das empresas.

k) O apoio técnico e a participación no ámbito da Unión Europea, así como en foros e organismos internacionais relacionados co apoio, fomento e difusión da economía social e da responsabilidade social das empresas.

l) A coordinación e o apoio técnico necesario para o funcionamento dos consellos estatais e doutras formas de participación que poidan implementarse no ámbito das súas competencias.

m) O seguimento dos préstamos concedidos polo extinguido Fondo Nacional de Protección ao Traballo e os que, tras a súa extinción, se concederon para o mesmo fin con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

n) A realización de estudos, estatísticas, informes e traballos de investigación, así como a coordinación dos sistemas de información e estatísticos que poidan encomendarse e, en particular, os que teñan incidencia nas materias da súa competencia, sen prexuízo das competencias da Secretaría Xeral Técnica.

ñ) A elaboración de informes e consultas relativos á interpretación e aplicación das disposicións xurídicas no ámbito das competencias da Dirección Xeral do Traballo Autónomo, da Economía Social e da Responsabilidade Social das Empresas.

2. Da Dirección Xeral do Traballo Autónomo, da Economía Social e da Responsabilidade Social das Empresas dependen, con nivel orgánico de subdirección xeral:

a) A Subdirección Xeral do Traballo Autónomo, á cal corresponde o exercicio das funcións enumeradas nos parágrafos a), b), c) e m) do número 1 e nos parágrafos l), n) e ñ) do mesmo número, no ámbito das súas competencias.

b) A Subdirección Xeral da Economía Social e da Responsabilidade Social das Empresas, á cal corresponde o exercicio das funcións enumeradas nos parágrafos d), e), f), g), h), i), j) e k) do número 1 e nos parágrafos l), n) e ñ) do mesmo número, no ámbito das súas competencias.

Artigo 5. *Subsecretaría de Traballo e Economía Social.*

1. A Subsecretaría ten a representación ordinaria do ministerio e a dirección dos seus servizos comúns, así como o exercicio das atribucións a que se refire o artigo 63 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e, en particular, o desempeño das seguintes funcións:

a) O apoio e asesoramento técnico ao titular do departamento na elaboración e aprobación dos plans de actuación do departamento.

b) O estudo dos distintos elementos organizativos do departamento e a dirección e realización dos proxectos organizativos de ámbito ministerial.

c) A supervisión da fundamentación técnico-xurídica de todos os asuntos do ministerio e dos seus organismos públicos que se sometan á consideración da Comisión Xeral de Secretarios de Estado e Subsecretarios e do Consello de Ministros.

d) A coordinación e xestión dos recursos humanos, financeiros, tecnolóxicos e materiais do departamento.

e) O informe dos proxectos de normas doutros ministerios, coordinando as actuacións dentro do ministerio e cos demais departamentos que deban intervir no procedemento.

f) A coordinación da acción do departamento no exterior, a cooperación internacional, sen prexuízo das competencias do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, e a coordinación, a través da Secretaría Xeral Técnica, das consellerías de Traballo, Migracións e Seguridade Social no exterior, sen prexuízo da competencia das embaixadas ou misións diplomáticas españolas no estranxeiro e da dependencia directa dos titulares daquelas, respecto do xefe de Misión Diplomática, así como da debida coordinación co Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións.

g) Dar apoio ao delegado de protección de datos do Ministerio de Traballo e Economía Social no desempeño das funcións que teña atribuídas en virtude da lexislación en vigor, facilitando os recursos necesarios para o desempeño das ditas funcións.

2. Na medida en que as funcións anteriores se encontren desconcentradas ou delegadas noutros órganos do ministerio, corresponderalle á subsecretaría a súa coordinación e control, respectivamente.

3. Da subsecretaría depende, con rango de dirección xeral, a Secretaría Xeral Técnica, que exercerá as competencias previstas no artigo 65 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, así como as previstas no artigo 6 deste real decreto.

4. Están adscritos á subsecretaría, coas funcións que lles atribúen as disposicións vixentes, e sen prexuízo da súa dependencia dos ministerios de Xustiza e de Facenda, respectivamente, os seguintes órganos con nivel orgánico de subdirección xeral:

- a) A Avogacía do Estado.
- b) A Intervención Delegada da Intervención Xeral da Administración do Estado.

5. Da Subsecretaría dependen, con nivel orgánico de subdirección xeral, os seguintes órganos:

a) Un gabinete técnico, como órgano de apoio e asistencia inmediata ao titular da subsecretaría, ao cal se lle atribúen as funcións de coordinación e seguimento das actividades das unidades que dependen da subsecretaría, así como, en particular:

1ª) A aplicación transversal efectiva da igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes que afecten o persoal do departamento, así como o exercicio das funcións que regula o artigo 3 do Real decreto 259/2019, do 12 de abril, polo que se regulan as unidades de igualdade da Administración xeral do Estado.

2ª) O apoio na coordinación das iniciativas deste departamento en materia de goberno aberto.

3ª) A realización e coordinación das campañas de publicidade institucional do departamento, coa colaboración das súas distintas unidades propoñentes.

b) A Subdirección Xeral de Administración Financeira e da Oficina Orzamentaria, que exercerá as funcións da xestión económica e financeira e da tesouraría do departamento, a dirección da Caixa Pagadora Xeral do Departamento, a preparación e tramitación dos contratos de servizos e subministracións, a xestión e o control das subvencións no ámbito da subsecretaría, a xestión das transferencias para gastos correntes e para gastos de capital da súa competencia e o coñecemento da xustificación de mandamentos de pagamentos xerados por execución do orzamento dos organismos autónomos relacionados coas transferencias efectuadas. Así mesmo, exercerá as funcións de elaboración do anteproxecto anual de orzamentos do departamento e a coordinación dos correspondentes aos organismos autónomos e entidades adscritas; o seguimento da execución orzamentaria e a tramitación, se for o caso, das modificacións orzamentarias e, en xeral, aquelas ás cales se refire o Real decreto 2855/1979, do 21 de decembro, polo que se crean as oficinas orzamentarias.

c) A Subdirección Xeral de Recursos Humanos e Inspección Xeral de Servizos, que exercerá as funcións de xestión e administración dos recursos humanos do departamento, a elaboración das propostas de aprobación e modificación das relacións de postos de traballo e os plans de emprego, a tramitación dos procesos para a cobertura dos postos de traballo, a formación do persoal, as relacións sindicais, a acción social, así como a coordinación e supervisión da política de persoal dos organismos autónomos, e a supervisión e coordinación das propostas de plans de emprego, e das funcións de xestión ordinaria que corresponden ás unidades de persoal dos organismos autónomos. Adicionalmente, exercerá as funcións de organización das actividades de control e inspección do departamento, realizando aquelas que permitan avaliar o funcionamento, a eficacia e o rendemento do persoal e servizos do ministerio. Así mesmo, coordinará as actividades vinculadas coas avaliacións das políticas públicas de competencia do departamento en apoio do Instituto para a Avaliación de Políticas Públicas do Ministerio de Política Territorial e Función Pública, de acordo co plan de avaliacións de políticas públicas

que aprobe o Consello de Ministros e o exercicio da función de Unidade de Información e Transparencia do Ministerio de Traballo e Economía Social.

d) A Oficialía Maior, que exercerá as funcións de xestión do rexistro xeral do departamento, a dirección e xestión dos servizos xerais e de réxime interior, a xestión, conservación e mantemento dos recursos materiais do departamento, a elaboración e actualización do inventario de bens mobles dos servizos centrais e periféricos do departamento e o mantemento ordinario dos edificios sede dos servizos centrais do departamento, así como a xestión e conservación dos bens inmobles do departamento e a xestión dos arrendamentos de bens inmobles e a prevención de riscos laborais. Para estes efectos, asumirá o control e seguimento dos investimentos destinados a financiar obras de construción, reforma e reparación de edificios; a elaboración dos proxectos de obras de construción, reforma e reparación de edificios; a supervisión dos proxectos de obras logo da súa contratación polos órganos competentes do ministerio e a elaboración e actualización do inventario de bens inmobles. Así mesmo, correspóndelle o exercicio das funcións de xestión do réxime de cesións en uso aos sindicatos e asociacións empresariais do patrimonio sindical acumulado, así como a xestión do patrimonio sindical histórico sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos superiores e directivos do ministerio. Así mesmo, correspóndelle o desenvolvemento e coordinación das actividades de información administrativa e atención ao cidadán, no ámbito competencial do departamento.

e) A Subdirección Xeral de Tecnoloxías da Información e Comunicacions, que exercerá para os servizos centrais, interprovinciais e do exterior do departamento e para os organismos autónomos adscritos, a excepción do Servizo Público de Emprego Estatal, as funcións de planificación, creación, desenvolvemento, modificación e xestión dos sistemas de información necesarios para o funcionamento dos servizos, a xestión e administración das redes de comunicacións de telefonía e datos, e dos sistemas de seguridade e confidencialidade asociados, a administración da presenza na internet do ministerio, a realización de auditorías dos sistemas de información en materias de calidade e de seguridade, de acordo coa normativa reguladora da seguridade TIC, garantindo os principios de imparcialidade e independencia que deben rexer esta actividade, e o impulso e coordinación da política informática e da administración dixital do ministerio e dos seus organismos autónomos.

Artigo 6. *Secretaría Xeral Técnica.*

1. Corresponde á Secretaría Xeral Técnica o exercicio das funcións que lle atribúen a Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, e o artigo 65 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e, en particular, o desempeño das seguintes funcións:

a) A prestación de asistencia técnica e administrativa ao titular do departamento e demais altos cargos do departamento, nos aspectos que non teñan asignados outros órganos del.

b) A coordinación na elaboración, seguimento e execución da actividade normativa do departamento, así como dos informes que se emiten, en relación cos proxectos normativos doutros departamentos e a coordinación do Plan anual normativo da Administración xeral do Estado.

c) A preparación, exame e informe dos asuntos que deban someterse á deliberación do Consello de Ministros á Comisión Xeral de Secretarios de Estado e Subsecretarios.

d) A emisión dos informes preceptivos, conforme o disposto na Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, e a tramitación e participación na elaboración, se for o caso, dos proxectos de disposicións xerais que corresponda ditar ou propor ao departamento.

e) O seguimento e informe dos actos e disposicións das comunidades autónomas e a tramitación dos convenios subscritos con elas.

f) A coordinación, impulso e seguimento da actividade do ministerio en materia de relacións internacionais e, en particular, en relación coa Unión Europea, organismos

internacionais e en materia de cooperación internacional, tanto bilateral como multilateral, así como o apoio na elaboración de estudos e informes que a relación con estes organismos requira.

g) A participación na representación do ministerio en materia de relacións internacionais, en coordinación co Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación.

h) A elaboración dos proxectos de tratados, convenios ou acordos internacionais, en materias propias de competencia do departamento.

i) O impulso e seguimento da transposición da normativa europea cuxa incorporación ao ordenamento español recaia no ámbito competencial deste departamento, así como o seguimento dos procedementos de infracción no ámbito da Unión Europea.

j) O seguimento e coordinación das cuestións pre-xudiciais e demais actuacións ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, en coordinación co Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación.

k) A coordinación das consellerías de Traballo, Migracións e Seguridade Social no exterior, en colaboración co Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións.

l) A definición do programa de traballo das consellerías de Traballo, Migracións e Seguridade Social, en colaboración co Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións.

m) A tramitación e proposta de resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos ditados polas autoridades do ministerio, a tramitación e proposta de resolución das reclamacións de responsabilidade patrimonial polo funcionamento dos servizos do departamento e dos seus organismos adscritos, así como das revisións de oficio.

n) O apoio ao delegado de protección de datos do departamento na elaboración de propostas das decisións ou informes relativos ás reclamacións dos interesados e respostas aos requirimentos da Axencia Española de Protección de Datos, así como as relacións cos tribunais de xustiza no ámbito do departamento.

ñ) A preparación de documentación e o exame e informe dos asuntos que deban someterse a deliberación da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

o) A dirección do Arquivo Central, da Biblioteca Central e do Centro de Documentación e Información de Servizos Sociais (CEDISS), así como a coordinación dos arquivos do departamento, as actuacións de implementación, desenvolvemento, administración e dirección funcional no relativo ao departamento do arquivo electrónico único previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en colaboración coa Subdirección Xeral de Tecnoloxías da Información e Comunicacions, e o exercicio das funcións que lle atribúe a normativa específica en materia de arquivamento, documentación administrativa e bibliográfica.

p) A coordinación de toda a actividade de estudo e investigación do departamento e, en particular, o exercicio das funcións que ten atribuídas, en relación coa Comisión Asesora de Estudos do departamento, no relativo á elaboración e seguimento do programa de estudos e á difusión dos estudos realizados.

q) A elaboración do programa editorial do departamento e a xestión, en coordinación cos organismos autónomos adscritos ao ministerio, da edición, distribución e venda, se for o caso, das publicacións oficiais, así como as funcións que, en conexión co proceso editorial, lle atribúe a normativa específica sobre a materia.

2. Da Secretaría Xeral Técnica dependen, con nivel orgánico de subdirección xeral, os seguintes órganos:

a) A Vicesecretaría Xeral Técnica, á cal corresponde o exercicio das funcións enumeradas nos parágrafos a), b), c), d) e e) do punto 1.

b) A Subdirección Xeral de Relacións Internacionais Sociolaborais, á cal corresponde o exercicio das funcións enumeradas nos parágrafos f), g), h), i), j), k) e l) do punto 1.

c) A Subdirección Xeral de Informes, Recursos e Publicacións, á cal corresponde o exercicio das funcións enumeradas nos parágrafos m), n), ñ), o), p) e q) do punto 1.

Disposición adicional primeira. *Supresión de órganos.*

Quedan suprimidas as seguintes subdireccións xerais do extinguido Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social:

- a) A Oficina Orzamentaria.
- b) A Subdirección Xeral de Ordenación e Desenvolvemento dos Recursos Humanos dos Organismos Autónomos e da Seguridade Social.
- c) A Subdirección Xeral de Recursos Humanos.
- d) A Inspección Xeral de Servizos.
- e) A Subdirección de Administración Financeira.
- f) A Subdirección Xeral de Relacións coas Comunidades Autónomas e Informes sobre Seguridade Social e Inmigración e Emigración.
- g) A Subdirección Xeral de Información Administrativa e Publicacións.
- h) A Subdirección Xeral de Recursos.
- i) A Subdirección Xeral de Informes Socioeconómicos e Documentación.

Disposición adicional segunda. *Referencias a órganos suprimidos.*

As referencias que se fan no ordenamento xurídico aos órganos que se suprimen mediante este real decreto entenderanse realizadas aos que se crean, substitúen ou asumen as súas competencias nesta mesma norma.

Disposición adicional terceira. *Suplencias.*

Nos casos de vacancia, ausencia ou enfermidade do titular dun órgano superior ou directivo e, na falta de designación de suplente conforme o previsto no artigo 13 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a suplencia realizarase da seguinte maneira:

- a) A persoa titular da Secretaría de Estado de Emprego e Economía Social será substituída polas persoas titulares das direccións xerais da súa dependencia, seguindo a orde en que aparecen mencionadas neste real decreto, salvo que a persoa superior xerárquica estableza expresamente outra orde de substitución.
- b) A persoa titular da Subsecretaría de Traballo e Economía Social será substituída pola persoa titular da Secretaría Xeral Técnica, salvo que a persoa superior xerárquica estableza expresamente outra orde de substitución.
- c) As persoas titulares das direccións xerais serán substituídas polas persoas titulares das subdireccións xerais da súa dependencia, seguindo a orde en que aparecen mencionadas neste real decreto, salvo que a persoa superior xerárquica estableza expresamente outra orde de substitución.
- d) As persoas titulares das subdireccións xerais serán substituídas polas persoas titulares das subdireccións xerais de cada centro directivo seguindo a orde en que aparecen mencionadas neste real decreto, salvo que a persoa superior xerárquica estableza expresamente outra orde de substitución.

Disposición adicional cuarta. *Delegación de competencias.*

As delegacións de competencias outorgadas, no ámbito de actuación material que corresponde ao Ministerio de Traballo e Economía Social, polos distintos órganos superiores e directivos afectados por este real decreto e polo Real decreto 2/2020, do 12 de xaneiro, polo que se reestruturan os departamentos ministeriais; o Real decreto 139/2020, do 28 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica básica dos departamentos ministeriais, e o Real decreto 10/2020, do 14 de xaneiro, polo que se crean subsecretarías nos departamentos ministeriais, continuarán sendo válidas e eficaces até que sexan expresamente revogadas ou novamente outorgadas.

Cando as delegacións de competencias que manteñen os seus efectos en virtude do parágrafo anterior se efectuasen en favor de órganos suprimidos por algún dos reais decretos citados, as referidas delegacións entenderanse outorgadas a favor dos órganos en cuxo ámbito de actuación se encadre a correspondente competencia.

Disposición adicional quinta. *Consolidación de unidades TIC.*

No exercicio das funcións de implementación e desenvolvemento da política en materia de tecnoloxías da información e comunicacións no ámbito sectorial do departamento, a Subdirección Xeral de Tecnoloxías da Información e Comunicacións promoverá, en colaboración coas unidades competentes do ministerio e dos seus organismos adscritos, a consolidación dos recursos humanos, económico-orzamentarios, técnicos e materiais vinculados.

Atendendo ao seu réxime competencial singular, manterán a súa dependencia orgánica actual as unidades TIC do Servizo Público de Emprego Estatal.

Disposición adicional sexta. *Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo, O.A., M.P.*

As referencias que en normas legais ou regulamentarias se realicen ao Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo ou ao Instituto Nacional de Seguridade, Saúde e Benestar no Traballo, O.A., M.P. continuarán entendéndose efectuadas ao Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo, O.A., M.P.

Disposición transitoria primeira. *Unidades e postos de traballo con nivel orgánico inferior a subdirección xeral.*

1. As unidades e postos de traballo con nivel orgánico inferior a subdirección xeral que resulten afectados polas modificacións orgánicas establecidas neste real decreto continuarán subsistentes e serán retribuídos con cargo aos mesmos créditos orzamentarios, até que se aproben as relacións de postos de traballo adaptadas á estrutura orgánica deste real decreto e se produza a efectiva distribución dos créditos orzamentarios.

2. As unidades e postos de traballo encadrados nos órganos afectados por este real decreto adscribiranse provisionalmente, mediante resolución da persoa titular da subsecretaría, até que entre en vigor a nova relación de postos de traballo, aos órganos regulados neste real decreto, en función das atribucións que estes teñan asignadas.

Disposición transitoria segunda. *Réxime transitorio dos órganos colexiados.*

Os órganos colexiados dependentes do extinto Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social continuarán realizando as súas funcións, en canto non se aproben as novas normas reguladoras adaptadas ao disposto neste real decreto.

Disposición transitoria terceira. *Réxime transitorio de prestación de servizos comúns ao Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións.*

Até que por resolución conxunta das subsecretarías de Traballo e Economía Social e de Inclusión, Seguridade Social e Migracións se arbitren as medidas precisas para distribuír, conforme os criterios de proporcionalidade que resulten de aplicación, as unidades e postos de traballo inferiores a subdirección xeral, así como os créditos orzamentarios, correspondentes ás competencias do Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social que pasan aos ministerios de Traballo e Economía Social e de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, de acordo co Real decreto 2/2020, do 12 de xaneiro, polo que se reestruturan os departamentos ministeriais, o Ministerio de Traballo e Economía Social continuará prestando os servizos comúns ao Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións.

Disposición transitoria cuarta. *Réxime transitorio aplicable ao Servizo Público de Emprego Estatal.*

1. Mediante resolución conxunta das subsecretarías de Educación e Formación Profesional e de Traballo e Economía Social arbitraranse as medidas precisas para distribuír, conforme os criterios de proporcionalidade que resulten de aplicación, as unidades e postos de traballo inferiores a subdirección xeral, así como os créditos orzamentarios, correspondentes ás competencias do suprimido Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social que son asumidas polo Ministerio de Educación e Formación Profesional, de acordo co Real decreto 2/2020, do 12 de xaneiro, polo que se reestruturan os departamentos ministeriais. En concreto, estas competencias son, con carácter xeral, a formación comprendida dentro do Sistema nacional de cualificacións e, especificamente, a formación profesional de desempregados e a formación profesional de ocupados, incluídas as convocatorias nacionais e as autonómicas, cando esta responda á formación vinculada aos certificados de profesionalidade, e a formación profesional dual do ámbito educativo.

2. Até que se adopten as medidas previstas no número anterior, aqueles órganos ou unidades do Ministerio de Traballo e Economía Social ou dos seus organismos públicos, con competencias asignadas en materia de formación profesional para o emprego que se traspasan ao Ministerio de Educación e Formación Profesional, realizarán estas funcións baixo a dependencia funcional da Secretaría Xeral de Formación Profesional.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

1. Queda derogado o Real decreto 903/2018, do 20 de xullo, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social.

2. Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 1383/2008, do 1 de agosto, polo que se aproba a estrutura orgánica e de participación institucional do Servizo Público de Emprego Estatal.*

O Real decreto 1383/2008, do 1 de agosto, polo que se aproba a estrutura orgánica e de participación institucional do Servizo Público de Emprego Estatal, queda modificado do seguinte modo:

Un. Modifícase a letra a) do artigo 2, que queda redactada como segue:

«a) Elaborar e elevar ao Ministerio de Traballo e Economía Social as propostas normativas de ámbito estatal en materia de emprego e protección por desemprego e formación profesional para o emprego que, dentro do seu ámbito competencial, procedan.»

Dous. Modifícase a letra h) do artigo 2, que queda redactada como segue:

«h) Xestionar os programas de emprego e formación profesional para o emprego que lle correspondan normativamente, e estean consignados no seu orzamento de gastos. Respecto á formación para o emprego, será competencia do Ministerio de Traballo e Economía Social a formación dirixida á Administración pública, a formación en alternancia, a formación con compromiso de contratación, a formación correspondente ao fondo de reserva, a ligada ao diálogo social e á negociación colectiva e a formación programada nas empresas para a mellora das competencias, así como as convocatorias de formación de oferta para ocupados cando estas accións formativas non estean ligadas aos certificados de profesionalidade e estean vinculadas ao catálogo de accións formativas do Servizo Público de Emprego Estatal.»

Tres. Suprímense os números 8, 9 e 10 do artigo 13 e renuméranse os números 11 e 12, que pasan a ser o 8 e o 9.

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 1052/2015, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura das consellerías de Emprego e Seguridade Social no exterior e se regula a súa organización, funcións e provisión de postos de traballo.*

Un. Modifícase o artigo 1, que queda redactado como segue:

«Artigo 1. *Denominación e definición.*

As consellerías de Traballo, Migracións e Seguridade Social son órganos técnicos especializados das misións diplomáticas e das representacións permanentes do Reino de España para o desenvolvemento das funcións que, no marco das competencias dos ministerios de Traballo e Economía Social e de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, lles encomendan a Lei 2/2014, do 25 de marzo, da acción e do servizo exterior do Estado, e este real decreto.»

Dous. Modifícase o artigo 2, que queda redactado como segue:

«Artigo 2. *Dependencia.*

1. As consellerías de Traballo, Migracións e Seguridade Social dependen organicamente da Subsecretaría de Traballo e Economía Social, a través da Secretaría Xeral Técnica, e manteñen unha dependencia xerárquica do embaixador.

2. Desde o punto de vista funcional, as consellerías de Traballo, Migracións e Seguridade Social dependen conxuntamente do Ministerio de Traballo e Economía Social e do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, no ámbito das súas respectivas competencias.

3. Corresponderá á Subsecretaría de Traballo e Economía Social, a través da Secretaría Xeral Técnica, a organización interna e a dotación orzamentaria das consellerías, así como a súa inspección técnica e control.»

Tres. Engádese un artigo 2 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 2 bis. *Comisión Paritaria.*

A Comisión Paritaria é o órgano consultivo competente para a coordinación entre os ministerios e ao cal corresponde emitir informe sobre as decisións en materia de provisión de postos de traballo, creación, modificación ou supresión de consellerías e definición de programas de actuación das consellerías, nos termos deste artigo.

A Comisión estará formada por:

a) Os titulares das subsecretarías de Traballo e Economía Social e de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, que serán copresidentes.

En caso de vacante, ausencia ou enfermidade, ou outra causa legal que concorra nalgún dos copresidentes, poderán actuar na súa representación os suplentes que designe o titular da Subsecretaría de Traballo e Economía Social ou da Subsecretaría de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, segundo corresponda.

b) Seis vogais, co rango mínimo de subdirector xeral: tres designados polo Ministerio de Traballo e Economía Social e tres polo Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións.

3. A Secretaría será rotatoria con carácter semestral e será desempeñada polas persoas designadas por cada departamento ministerial entre os vogais da Comisión Paritaria.

4. Así mesmo, poderán ser convocados ás reunións da Comisión Paritaria, por cada un dos departamentos ministeriais, empregados públicos que, en atención ás funcións que desempeñan, se considere oportuno consultar e que asistirán con voz, pero sen voto.

5. A Comisión Paritaria emitirá informe preceptivo e vinculante sobre os seguintes asuntos:

a) A convocatoria para a provisión de postos de traballo nas consellerías de Traballo, Migracións e Seguridade Social polo sistema de libre designación.

b) A proposta de nomeamento para a cobertura das convocatorias de provisión de postos de traballo para cubrir polo sistema de libre designación.

c) A concesión de prórrogas dos períodos de estancia e os cesamentos nos postos cubertos por libre designación.

d) A creación, modificación ou supresión das consellerías de Traballo, Migracións e Seguridade Social.

e) A definición das accións, programas de actuación e plans de operativos anuais que desenvolverán as consellerías.

f) Calquera outro que se determine por acordo dos titulares das subsecretarías de Traballo e Economía Social e de Inclusión, Seguridade Social e Migracións.

6. As resolucións da Comisión Paritaria requirirán, en calquera caso, o voto favorable da maioría dos membros.

7. A súa regulación e funcionamento axustaranse, en todo o non previsto neste artigo, ao establecido no capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.»

Catro. Modifícase a disposición derradeira primeira, que queda redactada como segue:

«Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

1. Autorízanse os titulares dos ministerios de Traballo e Economía Social e de Inclusión, Seguridade Social e Migracións para desenvolver, no ámbito das súas competencias e de forma conxunta, o previsto neste real decreto.

2. Autorízanse o titular da Subsecretaría de Traballo e Economía Social para ditar as instrucións precisas para o funcionamento das consellerías de Traballo, Migracións e Seguridade Social en aplicación do previsto no artigo 2.3, así como os titulares das subsecretarías de Traballo e Economía Social e de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, para ditaren as instrucións precisas para o desempeño das funcións das consellerías en atención á dependencia funcional que corresponda.»

Cinco. As referencias que o Real decreto 1052/2015, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura das consellerías de Emprego e Seguridade Social no exterior e se regula a súa organización, funcións e provisión de postos de traballo, contén ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social, ao seu titular ou ao subsecretario de Emprego e Seguridade Social entenderanse efectuadas:

a) Aos titulares dos ministerios de Traballo e Economía Social e de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, nos artigos 3, 7 e 8.

b) Aos ministerios de Traballo e Economía Social e de Inclusión, Seguridade Social e Migracións nos artigos 4 e 12.

c) Á Subsecretaría de Traballo e Economía Social no artigo 6.

d) Aos titulares das subsecretarías de Traballo e Economía Social e de Inclusión, Seguridade Social e Migracións nos artigos 10 e 11.

Seis. As referencias que en normas legais ou regulamentarias se realicen ás consellerías de Emprego e Seguridade Social entenderanse feitas ás consellerías de Traballo, Migracións e Seguridade Social.

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto 197/2009, do 23 de febreiro, polo que se desenvolve o Estatuto do traballador autónomo en materia de contrato do traballador autónomo economicamente dependente e o seu rexistro, e se crea o Rexistro Estatal de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos.*

Un. Modifícase o Real decreto 197/2009, do 23 de febreiro, polo que se desenvolve o Estatuto do traballador autónomo en materia de contrato do traballador autónomo economicamente dependente e o seu rexistro, e se crea o Rexistro Estatal de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos, que queda redactado nos seguintes termos:

«Na rúbrica do capítulo III e nos artigos 12.1, 13, 14, 15 e 17 substitúese a expresión «Rexistro Estatal de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos» por «Rexistro Estatal de Asociacións Profesionais de Persoas Traballadoras Autónomas.»

Dous. As referencias que en normas legais ou regulamentarias se realicen ao Rexistro Estatal de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos entenderanse efectuadas ao Rexistro Estatal de Asociacións Profesionais de Persoas Traballadoras Autónomas.

Disposición derradeira cuarta. *Autorización para a modificación da regulación ou supresión dos órganos colexiados, grupos e comisións de traballo ministeriais.*

De acordo co previsto no artigo 22.2 *in fine* e 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, autorízase a persoa titular do Ministerio de Traballo e Economía Social para modificar ou suprimir os órganos colexiados, grupos e comisións de traballo do departamento cuxa composición e funcións sexan de alcance puramente ministerial, aínda que a súa creación ou regulación vixente se efectuase mediante real decreto ou acordo do Consello de Ministros.

Disposición derradeira quinta. *Facultades de desenvolvemento e execución.*

Autorízase a persoa titular do Ministerio de Traballo e Economía Social para que adopte as medidas necesarias para o desenvolvemento e execución deste real decreto.

Disposición derradeira sexta. *Modificacións orzamentarias.*

O Ministerio de Facenda efectuará as modificacións orzamentarias precisas para o cumprimento do previsto neste real decreto.

Disposición derradeira sétima. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de abril de 2020.

FELIPE R.

A ministra de Política Territorial e Función Pública,
CAROLINA DARIAS SAN SEBASTIÁN